

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de xaneiro de 2007**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día quince de xaneiro de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(9).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións do 4 e 11 de decembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(10).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 2/1730, 4/1074, 4/1016, 4/1050, 4/1292, 1/1326, 11/1375, 11/256, 11/1193, 11/1403, 3/1259.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Rosa Romero Rodríguez. Expte. 2/1730.

- D<sup>a</sup>. Esperanza Domínguez Bello. Expte. 4/1074.
- D. Humberto Barreiro Costas. Expte. 4/1016.
- D<sup>a</sup>. Martina Abalde Cameselle. Expte. 4/1050.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cruz González Carrera. Expte. 4/1292.
- D<sup>a</sup>. Olga Otero Farrapeira. Expte. 1/1326.
- D<sup>a</sup>. Joaquina Vázquez Rodríguez. Expte. 11/1375.
- D<sup>a</sup>. Nuria Valois Fernández. Expte. 11/256.
- D<sup>a</sup>. Divina Rodríguez Soto. Expte. 11/1193.
- D<sup>a</sup>. Jesusa Calvar Cabada. Expte. 11/1403.
- D. Francisco Piñeiro Mosquera. Expte. 03/1259.

### **3(11).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS Ó FUNCIONARIO D. CARLOS PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 16987/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do Decreto de data 9.01.07, polo que o primeiro tenente de Alcalde resolve o seguinte:

*En data 08/11/2006 o Concelleiro-delegado da Área de Medio Ambiente e o Técnico supervisor do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo solicitan da Unidade de Persoal a acumulación de funcións de inspector auxiliar de urbanismo ao funcionario D. Carlos Pérez Rodríguez, con DNI 36.066.924-a e nº de persoal 22.964, oficial conductor adscrito ao Parque Móvil e que desenvolve as súas funcións no organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (persoal propio do Concello). A necesidade da devandita acumulación xustifícase na situación de incapacidade temporal do inspector auxiliar, así como no elevado número de expedientes acumulados no servizo.*

*Tendo sido informada favorablemente a petición polo Sr. Xerente de Urbanismo en data 16/11/2006, e visto o informe do Xefe do Parque Móvil de data 28/11/2006;*

*Considerando o disposto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado -de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local- onde se establece que en casos excepcionais poderáse atribuír aos funcionarios o desempeño temporal de funcións especiais non asignadas especificamente nos postos incluídos nas relacións de postos de traballo, ou a realización de tarefas que, por causa do seu maior volume temporal ou outras razóns coxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios que desenvolvan con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas as ditas tarefas, suposto no cal se continuará percibindo as retribucións correspondentes aos seus postos de traballo, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poidan ter dereito no seu caso;*

*Vistas as competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confiren á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e considerando as competencias que en materia de persoal ostento por delegación da mesma, efectuada en Decreto de data 23/10/2006,*

## RESOLVO

*“Primeiro.- Ordena-la atribución temporal de funcións de inspector auxiliar de sanidade ao funcionario D. Carlos Pérez Rodríguez, con DNI 36.066.924-a e nº de persoal 22.964, oficial conductor adscrito ao Parque Móvil e que desenvolve as súas funcións no organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (persoal propio do Concello), sempre en tanto non se prexudique a debida prestación do servizo no Parque, motivada no elevado número de expedientes de inspección acumulados no devandito servizo.*

*Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o funcionario citado continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso.*

*Segundo.- Dispoñer a cesación inmediata da atribución temporal de funcións en data 1 de marzo do 2007, a efectos de garantir a adecuada prestación do servizo no Parque Móvil e de conformidade co peticionado polo xefe do mesmo en informe de data 28/11/2006.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Unidade de Persoal (Organización e Métodos), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta do presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**4(12).- PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO. Expte. 16358/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Xefa da Unidade de Persoal, do 23.12.06, que di o seguinte:

*Finalizada a tramitación do procedemento disciplinario seguido por esta Administración contra o funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, con DNI 1.398.127 e nº de persoal 78.127, incoado por Decreto da Alcaldía accidental de data 17/07/2006, e en estricta aplicación do preceptuado no artigo 27 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, esta Instructora formula a seguinte*

#### **PROPOSTA DE ACORDO CON SANCIÓN**

*Resultando: Que en data 30/03/2006 o Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Marín remite oficio (documento nº 60033526) no cal se informa que o Consello de Contas de Galicia -no marco do proxecto de informe de fiscalización dese Concello no período 2002-2003 e no capítulo referido a contratación- sulinou como incidencia a facturación de traballos facultativos como contrato menor a un enxeñeiro técnico de obras públicas que no exercicio económico 2002 percibía retribucións como funcionario do Concello de Vigo, e que, examinada a relación de contratos menores do ano 2002, o único enxeñeiro técnico de obras públicas ao cal se lle encargaron proxectos foi D. Julio Carrasco Rodríguez, solicitando en consecuencia a expedición de certificación relativa a si a referida persoa figura na plantilla do Concello de Vigo, xa sexa como funcionario ou contratado laboral, dende qué data e se dispón de recoñecemento de compatibilidade polo Pleno do Concello para o exercicio de actividades privadas;*

*Resultando: Que consultado o expediente persoal de D. Julio Carrasco Rodríguez, con DNI 1.398.127 e nº de persoal 78.127, o mesmo ten a condición de funcionario deste Concello de Vigo dende o 03/02/1999, data na cal foi nomeado funcionario interino por Decreto da Alcaldía tras a superación das probas selectivas para a cobertura con carácter interino dun posto de traballo de enxeñeiro técnico de obras públicas, sendo o 18/11/2004 cando tomou posesión como funcionario de carreira dunha praza de enxeñeiro técnico de obras públicas, en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 25/10/2004 resolutorio de concurso de traslados, constando asemade que o devandito funcionario foi declarado en situación de servizos noutras Administracións pola Xunta de Galicia por resolución da Directora Xeral de Función Pública de data 07/12/2004;*

*Resultando: Que o funcionario sinalado dispón de dedicación exclusiva e carece da preceptiva autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas a outorgar pola Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, habendo efectuado declaración xurada de non estar incurso en causa legal de incompatibilidade, como así consta na acta de toma de posesión como funcionario de carreira do Concello de Vigo de data 18 de novembro do 2004, obrante no seu expediente persoal.*

*Resultando: Que en Decreto de data 7 de abril do 2006 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou a incoación dun trámite de información reservada en relación ao funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, a efectos de determinar a veracidade dos feitos comunicados polo Concello de Marín e a posible comisión dunha*

*falta disciplinaria, tendo sido notificado o interesado en data 10/04/2006 e presentando escrito de alegacións en data 27/04/2006;*

*Resultando: Que en escrito de data 12/07/2006 (documento nº 60077275) o Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Marín informa sobre os traballos realizados por D. Julio Carrasco Rodríguez nese Concello nos anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 inclusive, consistentes en proxectos de obras de reforma urbana, renovación de servizos, alcantarillado e abastecemento, pavimentación e dirección de obras públicas nese Concello, percibindo cantidades económicas como contraprestación dos servizos prestados;*

*Resultando: Que en Decreto da Alcaldía accidental de data 17/07/2006 acordouse a incoación de expediente disciplinario pola presunta comisión dunha falta disciplinaria moi grave ao funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, acordándose na mesma suspensión provisional de funcións con carácter preventivo, implicando a mesma a privación das funcións e dos dereitos e prerrogativas anexas á condición de funcionario, con dereito á percepción do 75% do soldo nos termos establecidos nos artigos 47, 48 e 49.2 e 3 da Lei de Funcionarios Civís do Estado (Decreto 315/1964, do 7 de febreiro) quedando suxeito ao deber de residencia, con efectos dende o día seguinte ao da notificación do presente e ata tanto non se proceda ao levantamento da mesma, non podendo exceder a duración de tal suspensión do prazo de 6 meses.*

*Resultando: que na tramitación do procedemento foi seguido en todo momento o procedemento disciplinario recollido no Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación ao persoal ó servizo das Administracións Locais, tendo sido respetados os dereitos constitucionais de audiencia, contradicción e defensa, como pode observarse no expediente administrativo; resolvéndose en prazo os recursos de reposición presentados e efectuadas as notificacións preceptivas, foi formulado e notificado o prego de cargos en data 21/09/2006, presentándose alegacións ao mesmo e procedéndose á apertura de período probatorio, para finalmente realizar o trámite de vista do expediente polo funcionario afectado, quen en escrito de data 13/12/2006 solicita copia do expediente e autoriza a un terceiro para que a recolla no seu nome, como consta en dilixencia de data 13/12/2006, e constando a presentación de escrito de alegacións en data 21/12/2006 (documento nº 60134643);*

*Considerando: Que os feitos probados ao longo da tramitación do expediente administrativo nº 16.358/220, resultan ser constitutivos dunha falta disciplinaria moi grave, consistente na vulneración da normativa vixente en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Local consonte dispón o artigo 11 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, en canto que establece para o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación a prohibición de exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas incluídas as de carácter profesional, ben sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desempeña o Departamento, Organismo ou Entidades onde estivese destinado o referido persoal.; feitos cuxa materialización consta na documentación remitida polo Concello de Marín obrante no expediente, consistente oficio do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 30/03/2006 (documento nº 60033526); oficio do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 12/07/2006 (documento nº 60077275) e certificación expedida pola Intervención do devandito Concello en data 15/09/2006, onde se observa que o funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez percibiu honorarios en concepto de dirección e elaboración de diversos proxectos de obras de reforma urbana, renovación, pavimentación, ensanche, alcantarillado, abastecemento e renovación de servizos para o Concello de Marín entre os anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 (ambos inclusive) tendo facturado e percibido no dito período temporal un importe económico total de 86.377,30 euros.*

*Resultando: que tales feitos implican asemade o incumprimento do deber de estricte observancia das obrigas contidas vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado por acordo plenario de data 28 de decembro de 1998, en canto ao cumprimento da normativa sobre incompatibilidades recollida no artigo 45, incumpríndose tamén o preceptuado nas Instrucións para aplicación do Acordo regulador de condicións de traballo de funcionarios e empregados municipais, aprobadas pola Corporación o día 28 de decembro de 1998, concretamente do apartado 7-Instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo ao servizo da Corporación, que establece literalmente que “tódolos postos desempeñanse en réxime de dedicación exclusiva, excepto aqueles aos que a Excm. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo.*

*De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades no Sector Público, só poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, a contía do cal non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.*

*Exceptúase de dito límite o caso de "Profesor Asociado de Universidade", así como as actividades de investigación e asesoramento nos termos previstos no art. 6º da Lei de Incompatibilidades.”*

*Considerando: Que a a conducta sinalada como constitutiva de falta disciplinaria moi grave está recollida e sancionada no artigo 31.1.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, referido ao incumprimento da normativa sobre incompatibilidades, sancionada coa separación do servizo, ou coa suspensión de funcións por tempo non superior a 6 anos nin inferior a 3, segundo dispón o artigo 9.1 e 2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local, pronunciándose en igual senso o artigo 29.A.a).7 do mesmo texto, sancionada coa suspensión de funcións por un período non inferior a tres anos nin superior a 6 ou a separación do servizo, suspensión de emprego e soldo dentro do período indicado, ou despido disciplinario, estimándose por esta Instrución que, en aplicación dos principios de Dereito Penal de aplicación de in dubio pro reo e principio de proporcionalidade, a sanción a impoñer haberá de selo no seu grado mínimo;*

*Considerando: que as alegacións presentadas polo interesado en escrito de data 21/12/2006 (documento nº 60134643) non desvirtúan os feitos declarados probados no presente expediente, dirixíndose asemade contra a denegación de parte das probas propostas pola parte, denegación que non é susceptible de ser recorrida ex artigo 24.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia;*

*Observando o disposto no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 157/2004, así como o Real Decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios ó servizo da Administración Local; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; e vista a competencia que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto ao réxime disciplinario dos funcionarios públicos segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985,*

do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

*PROPONSE:*

*“PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, con DNI 1.398.127 e nº de persoal 78.127, enxeñeiro técnico de obras públicas adscrito ao Servizo de Vías e Obras, responsable da comisión dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no artigo 31.1.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, consistente no incumprimento das normas sobre incompatibilidades, a corrixir coa sanción de suspensión de funcións por un tempo máximo de 6 anos e mínimo de 3 anos, recollida nos artigos 8.b) e 9.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*SEGUNDO.- Impoñer ao mesmo a sanción no seu grado mínimo, consistente na suspensión de funcións por 3 anos anteriormente referenciada, que deberá comezar a cumprir dende a data da notificación da presente resolución.*

*TERCEIRO.- Dar por concluída a situación de suspensión provisional do mencionado funcionario acordada en Decreto da Alcaldía accidental de data 17/07/2006.*

*CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Comité de Persoal, Concelleiro-delegado da Área, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefe do Servizo de Vías e Obras aos efectos oportunos.*

*QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

*PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, con DNI 1.398.127 e nº de persoal 78.127, enxeñeiro técnico de obras públicas adscrito ao Servizo de Vías e Obras, responsable da comisión dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no artigo 31.1.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, consistente no incumprimento das normas sobre incompatibilidades, a corrixir coa sanción de suspensión de funcións por un tempo máximo de 6 anos e mínimo de 3 anos, recollida nos artigos 8.b) e 9.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*SEGUNDO.- Impoñer ao mesmo a sanción no seu grado mínimo, consistente na suspensión de funcións por 3 anos anteriormente referenciada, que deberá comezar a cumprir dende a data da notificación da presente resolución.*

TERCEIRO.- Dar por concluída a situación de suspensión provisional do mencionado funcionario acordada en Decreto da Alcaldía accidental de data 17/07/2006.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Comité de Persoal, Concelleiro-delegado da Área, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefe do Servizo de Vías e Obras aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”

### **5(13).- ESTABLECEMENTO DE TARIFAS DOS APARCADOIROS DA CIDADE DE CONCESIÓN MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, de data 9.01.07, que di o seguinte:

*No BOE do pasado 30 de decembro publicouse a Lei 44/2006, de 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, esta norma no seu artigo 3 modifica o art. 11 da Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do Contrato do Aparcadoiro sinalando que en todo caso o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do mesmo, por outra banda a nova lei introduce un novo apartado 2 no artigo 1 da Lei 40/2002 no que se indica que nos estacionamentos rotatorios o prezo pactarase por minuto, así mesmo modificanse os arts. 2.b); 3.1.b); 3.1.d) e 4.a) da citada Lei 40/2002.*

*A Disposición Transitoria segunda da Lei 44/2006 sinala que as novas obrigas impostas polo art. 3 serán esixibles transcurridos cinco meses dende a súa entrada en vigor agás as modificacións referentes ós artigos 1.2 (prezo por minuto) e 3.1.b) (requisitos de información que debe conter o resguardo que, polo xestor do aparcadoiro, debe entregarse ó usuario) que serán esixibles unha vez transcurran oito meses, é dicir, en data de 31 de agosto do presente ano 2007.*

*De conformidade co exposto tendo o Concello de Vigo adxudicados en diferentes lugares da cidade distintos servizos de aparcadoiro en réxime de concesión administrativa procede á adecuación das tarifas hoxe vixentes, as obrigadas previsións sinaladas na nova normativa polo que a tal efecto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO*



LOCAL, ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DAS CONCESIÓNS CITADAS, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

*Primeiro.- Con data 31 de agosto as tarifas máximas que os concesionarios que se citan percibirán dos usuarios nos aparcadoiros municipais en réxime de concesión administrativa, seán as resultantes de dividir por 60 o importe da totalidade dos céntimos que por hora se perciben na actualidade:*

*INTERPARKING GALICIA S.A.*

- *Aparcadoiro Porta do Sol: 2,58- cts/min.*
- *Aparcadoiro Prza. Portugal: 2,00- cts/min.*

*CONICASE S.L.*

- *Aparcadoiro da rúa Venezuela:1,80 cts/min.*
- *Aparcadoiro Rúa Coruña: 1,80- cts/min.*
- *Aparcadoiro Prza. Fernando el Catolico: 1,80 - cts/min.*

*ELOYMAR TRANVIAS S.A.*

- *Aparcadoiro Prza. Independencia: 2,00- cts/min.*
- *Aparcadoiro Rúa Urzaiz: 2,16- cts/min.*

*MASAVEU S.A.*

- *Aparcadoiro Prza. do Rei: 1,66- cts/min.*

*APARCAMIENTO JENARO DE LA FUENTE S.A.*

- *Jenaro de la Fuente: 1,90 cts./min.*

*ISMAEL Y VICENTE, S.A.*

- *Aparcadoiro Praza de América:1,25 cts. /min.*

*VIALMAR S.A.*

- *Aparcadoiro Camelias- Lopez Mora : 1,25 cts./min*

*PRAZA ELIPTICA S.A.*

- Aparcadoiro Praza Eliptica: 0,66 cts/min.

Segundo.- As tarifas citadas poderán incrementarse cos importes resultantes das actualizacións que no seu caso procedan en cada contrato.

Terceiro.- Dado que o importe das tarifas establececese en centimos de euro os concesionarios instalarán nos caixeiros automáticos existentes os mecanismos necesarios para admitir e/ou devolver moedas de 1 e 2 centimos de euro. No suposto de que a data de 31 de agosto non estiveran adecuados os caixeiros as previsións citadas o pago realizarase en fraccións de 5 centimos, mediante reducións á baixa ó obxecto de evitar o abono de unidades de tempo non consumidas.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás distintas entidades concesionarias facéndolles constar que a esa mesma data, 31 de agosto, os mecanismos que expidan os resgardos de uso dos aparcadoiros deberán conter os requisitos de información que se indican no artigo 3.1.b) da Lei 4/2002.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(14).- MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA RESULTANTE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE INTERVENCIÓNS URBANAS E CESIÓNS DE VIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de Alcaldía de data 27.01.06, baseada no informe do xefe Administrativo de Vías e Obras, da mesma data, conformado polo coordinador da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Vías e Obras, tal e como se transcribe de seguido:

*O Concello e o Consorcio da Zona Franca de Vigo asinaron un convenio de colaboración para a intervección en zonas urbanas cara a dinamización socioeconómica, desenrolo, recuperación, remodelación e revitalización da área urbana dentro do ámbito conocido como “ Centro de Vigo ” así como contibuir a completa-lo mallado competencia das vías cidadáns por un importe máximo de 2.000.000 €*

*No ANEXO do Convenio, na cláusula SEGUNDA indícase que o Concello comprométese a aproba-los proxectos constructivos das zonas dos ámbitos urbanos de intervención e procederá á tramitación dos expedientes de contratación das obras, asumindo a dirección dos respectivos contratos, sen perxucio de que sexa o Consorcio da Zona Franca quen asuma a súa financiación, e en consecuencia o posterior pago do prezo.*

*Na cláusula cuarta do Convenio sinálase que reintegro polo Concello ó CZFV da cantidade aportada polo ente institucional estatal poden facerse por compensación con liquidacións tributarias ou outros medios.*

*Por outra banda o Concello de Vigo ten formalizado un Convenio interadministrativo de colaboración coa Exma. Diputación Provincial de Pontevedra na que ésta Administración comprométese a entregar ó Concello en cinco anualidade ( 2006 a 2010 ) o importe de 2.000.000 de euros ó obxecto de que o Concello de Vigo faga fronte a súa obriga de reintegro co Consorcio da Zona Franca de Vigo.*

*As actuacións a realizar que contempla o convenio son nas rúas: Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez; Gil; República Argentina, Gravina e Churruca. E as actuacións adxudicadas e en execución son: Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil.*

*A Comisión de seguimento das obras de dito convenio, á vista dos importes das obras dos proxectos de humanización das rúas República Argentina, Gravina e Churruca do convenio exceden do crédito dispoñible, polo que acorda propoñer a conveniencia de substituír tales actuacións por outra similar a realizar na Rúa Alfonso X o Sabio.*

*Na actualidade para esta rúa existe un proxecto de remodelación de beirarrúas adxudicado a “ Movexvial , S.L. ” segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 10/11/2005.por importe de 86.850 €.*

*Polo exposto e dado que no expediente 50.993-250 de modificación presupostaria ( modificación de crédito 140,06 ) existe unha inadecuada imputación en función do recoñecido na acta do 26 de decembro de 2006, da Comisión de seguimento de dito convenio, e polo que se propón á Alcaldía – Presidencia o seguinte :*

*1º.- Autorizar o encargo da redacción do proxecto Modificado nº1 do de Remodelación de Beirarrúas da Rúa Alfonso X o Sabio por un importe total máximo estimado en trescentos setenta e oito mil seiscientos cincuenta e nove euros ( 378.659, 00 € )*

*2º.- Incoar o expediente de modificación presupostaria que de cobertura á financiación de dito proxecto .*

**DECRETO:**

*En virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación de réxime local ( art. 127 da lei 7/85)*

**RESOLVO:**

*1º.- Autorizar a Área de Servicos Xerais do Concello ó encargo da redacción do proxecto Modificado nº1 do de Remodelación de Beirarrúas da Rúa Alfonso X o Sabio por un importe total máximo estimado en trescentos setenta e oito mil seiscientos cincuenta e nove euros ( 378.659 € )*

*2º.- Interesar da Intervención Xeral a incoación do necesario expediente de modificación presupostaria por un importe adicional líquido de 291.809 € para dar cobertura á financiación do proxecto modificado nº1 do de*

*Remodelación de Beirarrúas da Rúa Alfonso X o Sabio cun importe total máximo estimado en trescentos setenta e oito mil seiscientos cincuenta e nove euros ( 378.659, 00 € ), dacordo coas fontes de financiación aplicación que se indican a continuación :*

<i>Partida presupostaria Orixen</i>	<i>Proxecto</i>	<i>Partida Aplicación</i>	<i>Proxecto</i>	<i>Importe</i>
5110.611.00.00	06.5110.04	5110.611.00.24/05	05.2.511.11	291.809

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**7(15).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.